

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 5 DE NOVEMBRO DE 2021

### ASISTENTES

**Presidenta, coordinadora de calidad, enlace de igualdade e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade**

Reboreda Morillo, Susana

**Secretario accidental**

Prada Rodríguez, Julio

**Coordinadora de Grao**

Vaquero Díaz, Beatriz

**PDI**

Comendador Rey, Beatriz

**Membros da sociedade**

Díaz Naya, Rosa María

Garrido Labrador, Begoña

Campos Seijo, Francisco Borja

**PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa (colaboradora de calidad)

### DESCULPAN AUSENCIA

**Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural**

Pérez Losada, Fermín

**PDI**

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María

**Membros da sociedade**

Campos Seijo, Francisco B.

**Representante egresados**

López López, Marta

A comisión realizaase de xeito presencial na Sala do Profesorado (Edificio de Facultades) e de xeito virtual mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o venres 5 de novembro de 2021, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 2 de xullo de 2021.
- 2.- Informe da presidenta.
- 3.- Validación, se procede, do Plan de promoción do centro do curso 2021/22.
- 4.- Validación, se procede do Informe do PAT curso 2020/21.
- 5.- Validación, se procede, do Informe de coordinación do curso 2020/21 do grao e dos mestrados.
- 6.- Validación, se procede, do Informe de resultados de satisfacción do curso 2020/21.
- 7.- Rolda de intervencións.

A decana da lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que desculpan a súa ausencia á sesión e que se relacionan á marxe desta acta.

**1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 2 de xullo de 2021.**

Apróbase a acta por asentimento e coa abstención de D. Francisco Borja Campos Seijo por non ter asistido á anterior xuntanza.

**2.- Informe da presidenta.**

A decana comeza a súa intervención dando a benvida a D. Francisco Borja Campos Seijo en calidade de representante da sociedade. A seguir, dá conta da baixa da secretaria, dona Josefina Cadilla Lomba, e pide que conste en acta o agradecemento do equipo decanal pola disposición do profesor Julio Prada Rodríguez para actuar como secretario accidental mentres dure a mesma.

Informa, asimade, que se cubriron todos os postos para representantes do alumnado e do PDI con vinculación non permanente, polo que se procederá á renovación dos postos vacantes nas diferentes comisións e na Xunta de Facultade. Engade que a entrada en vigor do novo regulamento electoral non permite celebrar eleccións ao decanato en período de exames, polo que estas celebraranse finalmente o 31 de xaneiro de 2022.

A continuación informa das actividades levadas a cabo polo centro desde o inicio de curso (xornadas relacionadas co seu proxecto de investigación por parte da Área de Historia Moderna; unha conferencia a cargo da Área de Historia de América; unhas xornadas da Área de Historia Antiga; e a actividade do Centro, que consistiu nunha saída de estudos ao Baixo Miño), agradecendo a boa disposición do profesorado para achegar ideas e propostas neste apartado.

Engade que nos atopamos en período de peche das cuestións relativas a asuntos económicos e amosa a súa satisfacción pola execución praticamente completa do orzamento, tendo en conta, ademais, o incremento experimentado no mesmo no presente exercicio e malia o que supuxo ter que asumir a case totalidade dos custos derivados dos gastos de tapizado dunha aula.

Finalmente, sinala que o secretario accidental advertiu que a Comisión de Calidade ven funcionando sen un regulamento propio, situación extensible á maioría dos centros, e que fixo xestións para contar cun modelo que permita, se

é posible, redactar un en breve prazo, solicitando ao profesor Julio Prada a elaboración dun borrador.

### **3.- Validación, se procede, do Plan de promoción do centro do curso 2021/22.**

A decana explica que o plan de captación do alumnado para o vindeiro curso académico xa deu comezo a partires da experiencia de anos anteriores e pendente, en todo caso, de que o novo equipo decanal poida introducir e xustificar as modificacións que considere oportuno.

Apróbase por asentimento.

### **4.- Validación, se procede do Informe do PAT curso 2020/21.**

A decana informa que se levaron a cabo todas as propostas previstas de anos anteriores, aínda que sinala que realmente o PAT non funciona en 4º curso coa efectividade que sería deseable, xa que a maioría do alumnado cursa as optativas no primeiro cuatrimestre e para o segundo quedan o TFG e as Prácticas, pero aínda así está asignado un tutor para as accións previstas no mesmo. Alude, finalmente, aos problemas existentes no relativo á realización das enquisas por parte do alumnado, xa que que a plataforma non permite desagregar especificamente ao que pertence á Facultade.

Apróbase por asentimento.

### **5.- Validación, se procede, do Informe de coordinación do curso 2020/21 do Grao e dos Mestrados.**

A decana presenta o informe relativo ao Grao de Xeografía e Historia e as accións desenvoltas pola coordinadora do título. Suxire que se engada tamén aquela parte do PCEO da que somos responsables, retirándose da orde do día o informe relativo ao mestrado conxunto de Arqueoloxía, xa que a responsable do mesmo, que pertence á Universidade de Santiago, non o achegou, así como o do Mestrado en valoración, xestión e protección do patrimonio cultural, cuxo coordinador, o profesor Fermín Pérez Losada, non puido rematar o mesmo por atoparse nunha estadía en Marrocos.

Apróbase por asentimento o informe presentado.

**6.- Validación, se procede, do Informe de resultados de satisfacción do curso 2020/21.**

A decana dá conta da simplificación do procedemento respecto ao que existía con anterioridade, explicando que é unha ferramenta que se ven a sumar ao que se leva a cabo a través do sistema de queixas xa existente. Sinala a importancia que ao seu xuízo teñen as xuntanzas levadas a cabo co alumnado semipresencial e do PCEO, dada problemática específica que presentan ambos.

Apróbase por asentimento.

**7.- Rolda de intervencións.**

Non se producen

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.23 horas do día 5 de novembro de 2021, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace da decana.

A decana  
Asinado dixitalmente  
Susana Reboreda Morillo

O secretario accidental  
Asinado dixitalmente  
Julio Prada Rodríguez